



CONSORCIO
CASCOVELLO
DE VIGO

MEMORIA ANUAL 2017

ÍNDICE

SAÚDA DO PRESIDENTE DO CCVV	05		
INTRODUCCIÓN	07		
• O Consorcio Casco Vello de Vigo	08		
• Equipo humano do CCVV.....	10		
ACTO CONMEMORATIVO DO 10º ANIVERSARIO DA CREACIÓN DO CCVV	11		
• Acto conmemorativo do décimo aniversario da creación do consorcio.....	12		
PROGRAMA DE VIVENDAS	14		
• Obra nova do CCVV.....	15		
• Fichas das promocións:.....	18		
• (7ª FASE, pendentes de adjudicación en 2015) Ferrería 10-12	19		
• (7ª FASE, pendentes de adjudicación en 2015) Ferrería 45-47.....	20		
• Próximas promocións.....	21		
• (Adjudicada o 18 de outubro 2016) Subida Castelo 12	22		
• (Adjudicada o 15 de decembro 2016) Subida Costa 5	23		
• (Pendente licitación) Ferrería 8	24		
• (Pendente licitación) Cruz Verde 8	25		
FASES DE VPA PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES.....	27		
• (Realoxos) Real, 25.....	28		
• (1ª FASE) Real, 16.....	29		
• (1ª FASE) Abeleira Menéndez, 11	30		
• (1ª FASE) Abeleira Menéndez 13-15.....	31		
• (1ª FASE) Santiago 11-13-15-17	32		
• (1ª FASE) Santiago, 19	33		
• (2ª FASE) Abeleira Menéndez 24-26	34		
• (2ª FASE) Abeleira Menéndez 18-20	35		
• (2ª FASE) Cruz Verde, 5	36		
• (3ª FASE) Cuarteirón Ferraría-San Sebastián: Ferraría 11-13-17-19 e San Sebastián 1-3-5-7	37		
• (3ª FASE) Hortas 10-12	38		
• (3ª FASE) Cuarteirón Castelo de San Sebastián: San Sebastián 8-12-14.....	39		
• (4ª FASE) Ferrería 25, 27, 29, 31.....	40		
• (4ª FASE) Ferrería 33-35	41		
• (4ª FASE) Canellón do Estreito, 12.....	42		
		• (5ª FASE, sorteadas en 2015) Cuarteirón Castelo de San Sebastián: San Sebastián 4-6/Subida ao Castelo 5-7	43
		• (6ª FASE, sorteadas en 2015) Ferrería 3-5-7	44
		• (6ª FASE, sorteadas en 2015) San Sebastián 24-26	45
		ANTES/DESPOIS DAS OBRAS DO CCVV	46
		PLANO ESTADO OBRAS DO CCVV	49
		PROGRAMA LOCAIS COMERCIAIS.....	53
		• Posta en marcha de novos negocios.....	54
		• Locais en obras próximos a apertura.....	56
		• Locais que sairán a concurso público.....	57
		PROGRAMA ERRADICACIÓN PINTADAS.....	59
		• Resumo limpeza.....	60
		ACCÍONS DINAMIZADORAS	62
		• O edificio institucional da Universidade de Vigo ten xa o seu proxecto e financiación.....	63
		PREMIOS E RECOÑECIMENTOS	64
		• Premios e recoñecementos	65
		COMUNICACIÓN DO CCVV	66
		• Páxina web	71
		• Resumo hemeroteca.....	75
		• Novas publicadas nos medios de comunicación escritos	72
		CONTAS DO CCVV	84
		• Datos Liquidación 2016.....	85
		ÓRGANOS DE GOBERNO.....	91
		• Actas Consellos de Administración	92
		• Actas Comités Executivos.....	95

SAÚDA PRESIDENTE CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

Botar a vista atrás, nada menos que trece anos, devólvenos á retina aquelas imaxes dun barrio abandonado, en avanzando estado de degradación, que presentaba a necesidade imperiosa de corrixir o seu rumbo. O casco vello de Vigo, que antano foi testemuña do crecemento da cidade, reclamaba silente o seu rescate. Unha rehabilitación integral no plano arquitectónico, urbanístico e social que hoxe é xa unha realidade imparabile.

Aqueles edificios en ruínas locen hoxe cun aspecto renovado que, na meirande parte dos casos, conservan o seu encanto orixinal. Un soño compartido por moitos, unha idea xenial, que fixeron posible no ano 2005 a entón alcaldesa de Vigo, Corina Porro, e o que hoxe é presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, outrora vicepresidente, coa complicidade da Zona Franca e o seu delegado Pablo Egerique.

A recuperación que hoxe constatamos non é froito da casualidade, senón dunha política seria e rigorosa, dun compromiso de quen se propuxo deixar atrás o estigma e a etiqueta de barrio degradado que ata aquel entón perseguira o noso casco histórico.

No noso casco vello encóntrase a edificación civil máis antiga de Vigo, e os edificios brasonados máis importantes da cidade.

Pasear polas rúas Ferrería, Abeleira Menéndez ou San Sebastián é a mellor sinal da mudanza dunha zona emblemática e do compromiso da Xunta de Galicia co patrimonio histórico da nosa zona antiga. Transcorridos máis de trece anos dende a posta en marcha do Consorcio



Casco Vello de Vigo (CCVV), participado nun 90% polo Goberno galego e nun 10% polo Concello, os datos son os que falan de logros e obxectivos cumpridos.

O balance é inmejorable. Máis de 45 millóns destinados a recuperación do barrio no que se rehabilitaron máis de 100 vivendas e 30 locais comerciais, ademais de facilitar a instalación de diferentes institucións como o Rexistro da Propiedade, o Servizo de Notificacións ou a sede da Universidade de Vigo, entre outras. A demostración viva do que ata hai ben pouco semellaba un soño inalcanzable, o do rexurdir da zona vella viguesa, que hoxe ninguén pode poñer en dúbida.

Como vigués, é un orgullo para min levar a Presidencia do Consorcio Casco Vello na miña condición de delegado territorial da Xunta na cidade, xa que me deu a oportunidade de formar parte dun equipo de preto de 150 persoas que viron nesta iniciativa unha oportunidade de deixar a súa pegada.

Aquel soño é o mesmo no que confiaron as máis de 90 familias que hoxe residen no noso barrio histórico e os comerciantes e as empresas que operan dende o corazón da nosa cidade, os mesmos que nos recordan a diario que, pese aos pasos de xigante dados, aínda queda moito camiño por recorrer e moitos premios que colleitar.

Cómpre lembrar que polo casco vello vigués transcorre o Camiño Portugués da Costa que a Xunta procura identificar coa súa sinalización e ao que Nicola Albani, que peregrinou desde Nápoles a Santiago no século XVIII, fai referencia no seu relato. O mesmo que hoxe recorren milleiros de peregrinos.

Na celebración do décimo aniversario do Consorcio Casco Vello de Vigo o presidente da Xunta anunciou a súa continuidade para asegurar o proceso de recuperación que se está a executar.

Garantida a súa continuidade ata o 2020, o reto pasa agora por recuperar a Fachada do Berbés, unha parte moi importante da cidade, alí onde naceu, na que centraremos ágora todos os nosos esforzos.



Ignacio López-Chaves Castro

Presidente do Consorcio Casco Vello de Vigo
e Delegado Territorial da Xunta de Galicia



INTRODUCCIÓN

O CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO
EQUIPO HUMANO DO CCVV

INTRODUCCIÓN

CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

A alta valoración social alcanzada polo labor do Consorcio Casco Vello de Vigo, considerado públicamente en numerosos foros profesionais e en medios de comunicación como un exemplo para seguir ao abordar a rehabilitación de áreas urbanas históricas, e a visión deste labor como un proxecto a longo prazo permitiron que este organismo vise prorrogada a súa vida activa ata, polo menos, o ano 2021, segundo o acordo subscrito entre os seus dous integrantes, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Vigo. Mantendo ambas as administracións a súa cota de participación, noventa por cento no caso do IGVS e dez por cento no caso do Concello de Vigo, o acordo de prórroga, adoptado o 8 de xuño e subscrito formalmente o 26 de decembro de 2017, supuxo, sen dúbida, a novidade máis importante neste ano para o Consorcio que poderá continuar avanzando nos seus obxectivos fundacionais de recuperar para a cidadanía viguesa o espazo urbano que foi orixe da súa historia; unha recuperación que vai máis aló dunha mera reconstrución para propoñer un ámbito residencial integrado, no que resulte cómodo e atractivo residir.

Co seu horizonte temporal despexado o CCVV e o equipo humano que o integra continuou coa súa actividade, xa habitual, de adquisición de inmobles –non sempre fácil debido á complexa situación xurídica de moitos dos edificios situados no seu ámbito de actuación-, elaboración de proxectos de rehabilitación e seguimento do proceso construtivo dos mesmos. Neste sentido, ao longo de 2017 o labor do CCVV centrouse na culminación de dous proxectos iniciados en 2016: Ferrería 12 e Ferrería 45-47; a posta en marcha e execución doutros dous: Subida á Costa 5 e Subida ao Castelo 12 e o inicio das obras de Ferrería 8 e Cruz Verde 8.



Tendo en conta a división por áreas recoñecida no propio Plan Especial de Protección e Reforma Interior Casco Vello de Vigo (PEPRI), o documento urbanístico que rexe as intervencións no barrio histórico, que distingue entre unha zona Alta e unha zona Baixa, 2017 podería ser considerado como un ano ponte na distribución das intervencións do CCVV. Se ao longo de 2016 o maior peso das súas intervencións e adquisicións situáronse na zona alta - por encima da liña divisoria que supón a rúa Elduayen- en 2017, aínda que as rehabilitacións executadas levaron a cabo nesa mesma zona, a maior parte do investimento en adquisicións de inmobles realizouse na denominada zona baixa, nos arredores do Berbés, onde o Consorcio conta xa con seis edificios cuxa rehabilitación xa comezou, caso da sede no centro urbano da Universidade de Vigo, ou se iniciará ao longo de 2018.

A propia tipoloxía dos edificios da zona condiciona algunhas das actuacións de recuperación emprendidas ao longo de 2017, pero a orientación básica dos futuros proxectos continuará dando preferencia a vivendas de dúas ou máis habitacións, as máis solicitadas polos demandantes das promocións que o consorcio realizou ao longo dos seus xa máis de dez anos de existencia, e que son aquelas que permiten máis facilmente a instalación de novas familias no barrio histórico vigués, un dos obxectivos fixados no seu estatutos para evitar o evidente proceso de despoboamento ao que estaba sometido. Outro dos propósitos da intervención do CCVV é a dotación a esta área de locais comerciais que permitan crear unha rede de relacións que dinamicen a actividade social. Este obxectivo atópase, con todo, afectado por varios condicionantes que ata o momento limitaron a efectividade das actuacións emprendidas: algúns son exógenos, como o cambio no modelo comercial que supuxeron fenómenos como as grandes superficies ou o comercio electrónico, que tenden á concentración da oferta en espazo moi limitados; outros nacen do propio proxecto de rehabilitación do Casco Vello que prioriza, moi especialmente na denominada Zona Alta, actividades de baixo impacto

ambiental –ruídos, cheiros- en aras da maior calidade de vida que demandan os seus presentes e potenciais residentes. Facer fronte a estes retos e conseguir a máxima ocupación dos establecementos comerciais creados nas distintas promocións do Consorcio é obxecto, neste momento, dunha profunda reflexión para definir un modelo de intervención que permita rendibilizar socialmente esta área de actuación do CCVV.

Por outra banda, o Consorcio Casco Vello continúa impulsando dous programas cunha alta incidencia na súa zona de actuación: o Programa de Erradicación de Pintadas en Fachadas e o Plan de Eliminación de Termitas. Os dous son intervencións a longo prazo que a pesar da súa menor transcendencia pública teñen unha gran repercusión na dinámica diaria desta zona e dos seus residentes, especialmente o primeiro deles que, ano a ano, vai conseguindo unha progresiva redución da incidencia deste tipo de agresións ás fachadas e demais elementos urbanísticos do Casco Vello.



INTRODUCCIÓN

EQUIPO HUMANO DO CCVV

CONSELLO ADMINISTRACIÓN

Presidente: **Ignacio López-Chaves Castro**,
Delegado Territorial de la Xunta de Galicia en Vigo
Vicepresidente: **David Regades Fernández**

Vogais do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS):

Ignacio López-Chaves Castro,
Delegado Territorial de la Xunta de Galicia en Vigo
Santiago José Varela Vidal,
empresario
José Luis Díez Yáñez,
xefe territorial da Consellería de Infraestructuras e Vivenda de Pontevedra
María Martínez Allegue,
xefa da Área Provincial do IGVS de Pontevedra

Vogáis do Concello de Vigo:

María José Caríde Estévez,
concelleira de Urbanismo no ámbito do Casco Vello (PSdeG)
Carlos López-Font,
concelleiro do PSdeG
David Regades Fernández,
concelleiro do PSdeG
Elena Muñoz Fonteriz,
concelleira do PPdeG

Vogais do CCVV:

Xerente : **Alfonso Ramos Covelo**
Interventor: **Luís García Álvarez**
Secretaria: **Marta María Riobó Ibáñez**

COMITÉ EXECUTIVO

Presidente: **Ignacio López-Chaves Castro**
David Regades Fernández,
en representación do Concello de Vigo
María José Caríde Estévez,
en representación do Concello de Vigo
José Luis Díez Yáñez,
en representación do IGVS
María Martínez Allegue,
en representación do IGVS
Secretaria: **Marta María Riobó Ibáñez**

PERSOAL OFICIÑA DO CCVV

Alfonso Ramos Covelo,
xerente
Amelia Gamero Vidal,
directora da Área de Vivenda e directora en función dos Servizos Administrativos
Nuria Campos Díaz,
directora da Área Técnica de Proxectos

PRÓRROGA DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

PRÓRROGA DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

O 26 de decembro de 2017 a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o Concello de Vigo asinaron o acordo de prórroga da actividade do Consorcio Casco Vello de Vigo durante un novo período de catro anos, ata decembro de 2021. Ratificábase así a decisión acordada en xuño por ambos os organismos para continuar co proceso de rehabilitación do barrio histórico de Vigo, iniciado coa constitución do Consorcio en 2005.

O acordo xustifica a prolongación da actividade do consorcio en catro epígrafes fundamentais:

1.- Os obxectivos establecidos no PEPRI, aínda non se alcanzaron.

A pesar das actuacións levadas a cabo polo CCVV xunto coa oficina de rehabilitación non se alcanzaron os obxectivos fixados no Plan Especial de Protección Especial e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello, o que xustifica sobradamente a necesidade de continuar o seu labor de rehabilitación. Neste sentido realízase un repaso da situación dunha decena de edificios incluídos no anterior plan de actuacións do CCVV, sinalando as xestións encamiñadas a obter a súa propiedade e proceder á súa rehabilitación, destacándose as dificultades legais e as negativas de varios propietarios

para ceder a titularidade. Ante esta conxuntura sinálase que “como se pode comprobar a rehabilitación de inmobles require a aplicación de procedementos, en especial a expropiación forzosa, que ou CCVV non pode tramitar por falta de competencias. En tanto estes procedementos non se aplíquen a adquisición de inmobles por parte do CCVV seguirá dependendo dá vontade dos propietarios. Isto obriga a establecer unha planificación flexible que permita aproveitar as oportunidades que vaian xurdindo ao longo do seu prazo de vixencia”.

2.- O tipo de vivendas que pon non mercado ou CCVV son demandadas polos cidadáns.

O acordo suscrito recolle o feito de que a intervención do CCVV realízase baixo a modalidade de Vivenda Autónoma Protexida (VPA), sendo o Consorcio uno dos poucos promotores que se acollen a esta figura. As características deste tipo de oferta ten unha alta resposta por parte dos cidadáns interesados en facerse cunha vivenda na zona, para os que lles resultaría case imposible baixo outra modalidade, como o demostra o feito de que practicamente todas as vivendas promovidas polo CCVV están vendidas e ocupadas na actualidade. Así mesmo destácase o feito de que o perfil dos adquirentes destas vivendas contribuíu a frear o progresivo envellecemento da poboación desta zona, un dos obxectivos perseguido polo PEPRI.

3.- O CCVV é un elemento dinamizador do conxunto histórico.

Neste sentido destácanse dous feitos principais: Un, o cambio na natureza das informacións aparecidas nos medios de comunicación sobre o Casco Vello que, de ser tratado como un punto cuasimarginal da cidade, pasa a ser percibido como un centro de referencia e encontro da cidadanía. O segundo trazo destacado é a incorporación á zona de organismos públicos e privados de carácter social (delegacións da consellería de Xustiza..), económico (sede dos Rexistros Comerciais) ou educativos (Universidade de Vigo) que contribúen á activación social e económica da zona.



4.- O Plan de Vivenda 2018-2021 ofrece novas oportunidades para completar a tarefa de rehabilitación do conxunto histórico.

O mantemento dá vixencia do CCVV vai permitir aproveitar as oportunidades para a rehabilitación, anunciadas non borrador do real decreto do plan estatal de vivenda 2018 – 2021. Para ese efecto debe destacarse a previsión neste plan de dous programas especialmente interesantes para a rehabilitación do conxunto histórico:

1) Programa de fomento dá rexeneración e renovación urbana e rural.

Ou programa de fomento dá rexeneración e renovación urbana e rural ten como obxecto o

financiamento dá realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, non seu caso, de edificación de edificios ou vivendas en substitución de edificios ou vivendas demolidos, dentro de ámbitos de actuación denominados área de rexeneración e renovación urbana ou rural previamente delimitados.

Poderán ser beneficiarios das axudas quen asuman a responsabilidade dá execución integral dentro do ámbito delimitado pola actuación.

As actuacións subvencionables por este programa son as seguintes:

a) A execución de obras ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, ata non interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, a fin de adecualos á normativa vixente.

b) A execución das seguintes obras de mellora dá calidade e sustentabilidade do medio urbano:

b.1) Obras de urbanización e reurbanización material dúas espazos públicos tales como consolidación, pavimentación, xardinería, infraestruturas, instalacións, servizos de abastecemento de auga, saneamento, subministración

eléctrica, alumado, recolleita, separación e xestión de residuos, telecomunicacións e utilización do subsolo.

b.2) Obras de mellora dá accesibilidade dos espazos públicos.

b.3) Obras destinadas a mellorar a eficiencia ambiental en materia de auga, enerxía, uso de materiais, xestión de residuos e protección da biodiversidade.

c) Obras de demolición de edificios, de vivendas e infravivendas e de edificación de edificios de vivendas e vivendas de nova construción. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B, e cumprir en todo caso coas esixencias do Código Técnico da Edificación. A contía máxima das axudas determinarase atendendo ou investimento da actuación, que incluírá, no

seu caso, os custos desagregados segundo os tipos de actuacións subvencionables e non poderá exceder do 40% ou investimento da actuación en cada tipo de actuación, salvo para o realoxo das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social nos que non operará este límite porcentual.

2) Programa de axuda aos mozos

Este programa ten por obxecto facilitar o acceso ao goce dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de arrendamento aos mozos con escasos medios económicos mediante o outorgamento de axudas directas ao inquilino ou facilitar

aos mozos o acceso a unha vivenda en réxime de propiedade mediante a concesión dunha subvención directa para a súa adquisición. A contía da axuda para adquisición de vivenda será de ata 10.800 euros por vivenda, non podendo superar en ningún caso ou 20% do prezo de adquisición da vivenda.

O Consorcio Casco Vello de Vigo constituíuse en febreiro de 2005, cunha vixencia inicial de cinco anos. Orixinalmente os seus integrantes eran o IGVS, cunha participación do 50%; o Consorcio Zona Franca de Vigo, cunha cota de participación do 40% e o Concello de Vigo, co 10% restante. En 2007 o Consorcio Zona Franca retirouse deste proxecto, sendo asumida a súa participación polo IGVS, polo que esta alcanza na actualidade o 90%. En marzo de 2012 Xunta de Galicia e Concello de Vigo acordaron prorrogar a actividade do CCVV ata finais de 2017, decisión que se referenda agora novamente por un período de 4 anos, ata finais de 2021, segundo o acordo suscrito o 26 de decembro.

A



B



PROGRAMA VIVENDAS

OBRA NOVA DO CCVV
FICHAS DAS PROMOCIÓNS

PROGRAMA VIVENDAS OBRA NOVA DO CCVV

A actividade do Consorcio durante o exercicio de 2017 abarcou obras en seis promocións: Ferrería 10-12; Ferrería 45-47; Subida a Costa 5; Subida ao Castelo 12; Cruz Verde 8 e Ferrería 8.

As dúas primeiras, Ferrería 10-12 e Ferrería 45-47, estaban tan só pendentas do remate dos traballos desenvolvidos ao longo do ano anterior e, de feito, xa nas primeiras semanas de 2017 púxose en marcha o proceso para a súa adxudicación. As características destas dúas intervencións recóllense no apartado de SORTEO DE VIVENDAS (Páxina ...)

O núcleo da intervención desenvolvida neste exercicio centrouse por tanto nas promocións Subida á Costa 5 e Subida ao Castelo 12, iniciadas no principio do ano, e Ferrería 8 e Cruz Verde 8, cuxas rehabilitacións se iniciaron de forma efectiva en decembro de 2017.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Subida á Costa 5

Cun investimento de 475.390 € rehabilítase un edificio destinado anteriormente a actividades hostaleiras, que se atopaba en estado ruinoso, para obter unha vivenda, situada na planta primeira, e un baixo comercial. O proxecto foi elaborado polo arquitecto José Luis Mateo e a execución do mesmo adxudicouse á empresa Prace, Servizos e Obras.



PROGRAMA VIVENDAS OBRA NOVA DO CCVV

Vivenda Planta 1: superficie 70 m2. 2 dormitorios +1 Salón-Comedor-Cociña + 1 baño + 1 lavadoiro – tendal

Local comercial: superficie 95 m2

Subida ao Castelo 12

A UTE formada por Xestión Ambiental de Contratas e Construcións Orega recuperará un antigo edificio para crear catro vivendas con superficies comprendidas entre os 56 e os 77 metros cadrados; dous delas serán tipo dúplex e dous terán unha zona axardinada. O investimento é de 355.000 € e o proxecto corresponde ao estudo de arquitectura JASC-Jesús Cordeiro.

- Vivenda Porta 1: Superficie útil 77 m2, máis 21 m2 xardín.

Planta semisótano: 2 dormitorios + 1 Baño + Xardín

Planta baixa: Salón- cociña-comedor + Aseo + Lavadoiro- tendal

- Vivenda Porta 2: Superficie útil 56 m2.

Planta alta: 1 dormitorio + 1 baño + salón- cociña-comedor + 1 lavadoiro- tendal + balcón

- Vivenda Porta 3: Superficie útil 56 m2.

Planta alta: 1 dormitorio + 1 baño + salón- cociña-comedor + 1 lavadoiro- tendal + balcón

- Vivenda Porta 4: Superficie útil 76 m2, máis 22 m2 xardín.

Planta semisótano: 2 dormitorios + 1 Baño + Xardín Planta baixa: Salón- cociña-comedor + Aseo + Lavadoiro- tendal



FERRERÍA 8
????????????



Cruz Verde 8

O proxecto do arquitecto Emilio Estévez Fernández permitirá crear unha vivenda unifamiliar, distribuída en tres plantas, cun orzamento de execución de 160.523,63 €. A obra foi adxudicada á empresa Prace, Servizos e Obras.

Superficie útil: 199 m². 3 Dormitorios + 2 Baños + Despacho + Cociña + Salón-Comedor + Lavadoiro- Tendal

Ferrería 8

Ramón Viéitez Rodríguez e Alberto Cebral Loureda son os responsables do proxecto desta rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, distribuída en tres plantas. Cun orzamento de 149.241,21 € a execución da obra corre a cargo da empresa Construciones Abal.

Superficie útil : 115 m² 2 Dormitorios + 1 Baño + 2 Aseos + Oficina + Cociña + Salón + Lavadoiro- Tendal

ADQUISICIÓNS

Ao longo de 2017 os órganos de dirección do Consorcio Casco Vello autorizaron a adquisición de tres novos inmobles, dous deles situados na zona do Berbés e o terceiro na denominada zona alta do Casco Vello.

O primeiro dos acordos de compra adoptouse o 7 de setembro e refírese ao edificio situado na Praza da Ribeira do Berbés 41, aínda que tamén ten fachada e acceso a rúa San Francisco. Ocupa unha parcela de 49,44 m² e permitirá crear dúas novas vivendas tipo dúplex.

A adquisición do edificio situado na Praza da Ribeira do Berbés 7 foi acordada o 28 de setembro. Trátase dunha construción distribuída en baixo e tres plantas, con engadidos posteriores á súa construción orixinal que respondía á típica casa mariñeira galega. Está considerado como un edificio de alto valor histórico.

Finalmente, o 28 de decembro acordouse a compra do inmovible situado en Abeleira Menéndez 16, un dos edificios máis destacados da zona alta do Casco Vello, do que tan só se conserva a súa fachada. Ocupa unha parcela de 68,2 metros cadrados e o seu proxecto de rehabilitación contempla a creación de dúas vivendas e un local comercial.



FICHAS PROMOCIÓN

(7ª FASE) FERRERÍA 10-12

PROGRAMA VIVENDAS FICHAS PROMOCIÓN

Número viviendas: 2

Número locais: 1

Superficie construída total: 254,07 m²

Empresa construtora:

UTE Rehabilitación 10-12

Proxecto: Harald Binkele / Antonio

Cominges Carvalho

Comezo da obra: 2016


Características das vivendas e locais:

1 Vivenda: 1D+S.C.K+1B+Lv-T
56,79 m² útiles

1 Vivenda: 1D+S.C.K+1B+Lv-T
56,79 m² útiles

Local 1: 37,48 m²

Este proxecto acometeuse sobre dous edificios da rúa Ferrería - en moi mal estado de conservación- para obter, despois dunha intervención radical que conservou os elementos máis tradicionais das vivendas orixinais, un inmoble dotado de catro vivendas e un local comercial.



PROGRAMA VIVENDAS

FICHAS PROMOCIÓN

(7ª FASE) FERRERÍA 45-47



A intervención realizouse sobre dous inmobles dando como resultado a construción dun novo edificio con dúas vivendas e un local comercial nunha das zonas cun maior índice de intervención do CCVV.

Número vivendas: 4

Número locais: 1

Superficie construída total: 574,25m²
(+29,45 m² abertos)

Empresa construtora: UTE Prace, Servizos e Obras S.A./Extraco, Construcións e Proxectos S.A.

Proxecto: Eva María Castro Álvarez

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1º dereita: 1D+S.C.C.+1B+LT
48,10+5,10 m² útiles

1 Vivenda 1º esquerda: 2D+S.C.C.+1B+LT
73,85+2,27 m² útiles

1 Vivenda 2º dereita: 1D+S.C.C.+1B+LT
51,90+4,75 m² útiles

1 Vivenda 2º dereita: 3D+S.C.C.+2B+LT
95,3+19,8m² útiles

Local 1: 63,60 m²



(8ª FASE) SUBIDA AO CASTELO, 12

PROGRAMA VIVENDAS FICHAS PROMOCIÓN

O CCVV propón nesta recuperación do inmoble de Subida ao Castelo 12 un novo edificio do que, despois da intervención prevista, resultarán 4 novos pisos de protección, todos eles, de dous dormitorios e, nalgúns casos, a maiores co espazos para xardíns privados.



Número vivendas: 4

Número de locais: 0

Superficie construída total: 325,00 m²
(+4,30 m² balcóns + 44,35 xardín)

Empresa construtora:

UTE Xestión Ambiental de Contratos
e Construcciones Orega

Proxecto: JASC – Jesús Cordeiro


Características das vivendas:

Vivenda 1: 2D + S.C.C + 1 A + 1B + LT /
75,25 m² útiles (+ 21,85 xardín)

Vivenda 2: 2D + S.C.C + 1 A + 1B + LT /
54,25 m² útiles (+ 2,15 balcón)

Vivenda 3: 2D + S.C.C + 1 A + 1B + LT /
54,70 m² útiles (+ 2,15 balcón)

Vivenda 4: 2D + S.C.C + 1 A + 1B + LT /
76,85 m² útiles (+ 22,50 xardín)



PROGRAMA VIVENDAS

FICHAS PROMOCIONS

(8ª FASE)

SUBIDA A COSTA, 5

Número vivendas: 1

Número locais: 1

Superficie construída total: 225,3 m²

Empresa construtora:

Prace, Servicios e Obras

Proxecto: José Luis Díaz Mateo


Características das vivendas e locais:

1Vivenda: 2D+S.C.C.+1B+LT

69,70 m² útiles

Local 1: 96,31 m²

Unha ampla intervención, que incluíu a eliminación de elementos engadidos á construción orixinal, permitiu ao CCVV recuperar este edificio no que se creou unha vivenda situada na planta superior e un local comercial na planta baixa.



(9ª FASE) FERRERÍA, 8

PROGRAMA VIVENDAS FICHAS PROMOCIÓN

Número vivendas: 1

Número locais: 0

Superficie construída total: 254,07 m²

Metros útiles: 118,25 m²

Proxecto: Alberto Cebal Loureda y Ramón Viéitez Martínez

Empresa constructora: Construcciones Abal

Comezo da obra: Decembro 2017

Características da vivenda:

2D + OF + S.C. + K + 1B + LV-T

A intervención do CCVV neste edificio dará lugar a unha nova VPA -con oficina anexa- en tres plantas e con fachadas ás rúas Ferrería e Baixada á Herba.



(9ª FASE) CRUZ VERDE, 8

PROGRAMA VIVENDAS FICHAS PROMOCIONS

Tras a intervención no número 8 da rúa Cruz Verde, o CCVV poñerá no mercado outra Vivenda de Protección Autonómica, que contará cunha oficina anexa.



Número vivendas: 1

Número locais: 0

Proxecto: Emilio Estévez Fdez.

Superficie: 151,62 m²




Empresa Constructora:

Prace, Servicios e Obras S.A.

Comezo da obra: Decembro 2017

Características da vivenda:

2D + OF + S.C. + K + 1B + LV-T



PROXIMAS PROMOCIÓN



SORTEO FERRERÍA 10-12 E FERRERÍA 45-47

SORTEO FERRERÍA 10-12 E FERRERÍA 45-47

O Instituto Galego de Vivenda e Solo realizou o 8 de maio o sorteo de adxudicación de seis vivendas promovidas polo CCVV en Ferrería 10-12 e Ferrería 45-47.

Ambas as intervencións tiveron unha importante demanda xa que para as dúas vivendas construídas en Ferrería 10-12 presentáronse un total de 29 solicitudes, en tanto que para as catro de Ferrería 45-47 o número elevouse a 56.

De acordo co procedemento administrativo que rexe a oferta de Vivendas de Protección Autonómica o sorteo, realizado no salón de actos da delegación da Xunta de Galicia en Vigo, tivo carácter público e foi efectuado ante notario.

No mesmo seleccionouse aos solicitantes que podían optar en primeiro lugar ás vivendas ofertadas e a orde da lista de reservas no caso de que algún dos favorecidos no sorteo non puidese cumprimentar en tempo e forma a adquisición.

Ambas as promocións supuxeron por parte do CCVV un investimento superior aos 940.000 euros; 270.000€ no caso de Ferrería 10-12 e 670.000 € no de Ferrería 45-47.

As características das vivendas adxudicadas son:

Ferrería 10-12:

- Primeiro andar.
1 Dormitorio e superficie útil de 56,19 m2.
Prezo: 90.186,00 € (+ iva)
- Segundo andar.
1 Dormitorio e superficie útil de 56,19 m2.
Prezo: 95,056,00 € (+ iva)

Ferrería 45-47:

- 1ºA: 1 Dormitorio e superficie útil de 56,65 m2.
Prezo: 83.745,00 € (+ iva)
- 1ºB: 2 Dormitorios e superficie útil de 76,12 m2.
Prezo: 114.180,00 € (+ iva)
- 2ºA: 1 Dormitorio e superficie útil de 56,65 m2.
Prezo: 90.640,00 € (+ iva)
- 2ºB: 3 Dormitorios e superficie útil de 109,75 m2.
Prezo: 175.600,00 € (+ iva)



FERRERÍA 45-47



FERRERÍA 10-12

FERRERÍA 10-12

FERRERÍA 45-47





FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A AÑOS ANTERIORES

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(REALOXOS) REAL, 25

Rehabilitación do edificio conservando a tipoloxía orixinal cunha vivenda por andar e un local comercial na planta baixa.

As vivendas recollen aos ocupantes dos edificios adquiridos polo CCVV para albergar os Rexistros da Propiedade.

Número vivendas: 3

Número de locais: 1

Superficie construída total: 426,02 m²

Empresa construtora: Aldasa

Proxecto: CCVV

Dirección de obra: Masforma S.L.

Rafael Docampo

Fin de obra: Finalizada en 2009

Características da vivenda e local:

1 Vivenda 1A: 2D+S.C.+K+2B

85,92 m² útiles



1 Vivenda 2B: 2D+S.C.+K+2B

80,52 m² útiles

1 Vivenda 3C: 2d+S.C.+K+2B

82,91 m² útiles

Local 1: 72,17 m² cualificados




(1ª FASE) REAL, 16

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A AÑOS ANTERIORES

Número viviendas: 3
Número de locais: 1
Superficie construída total: 696,81 m²
Empresa construtora:
Cnes. A. Varela Villamor
Proxecto: CCVV
Dirección de obra:
Masforma S.L. Rafael Docampo
Fin de obra: Finalizada en 2009

Características da vivenda e local:
1 Vivenda 2A: 1D+S.C.+K+1B
50,64 m² cualificados
1 Vivenda 2B: 1D+S.C.+K+1B
51,76 m² cualificados
1 Vivenda 3: 2D+S.C.+K+2B
78,39 m² cualificados
Local 1: 332,17 m² útiles

Edificio con protección estrutural onde se conservaron os elementos protexidos ocupando as tres plantas baixas para uso comercial que serve de eixo dinamizador para a zona. Xunto a ese uso comercial resultaron outras tres vivendas nos andares superiores.




EASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(1ª FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ, 11

Neste edificio elimináronse dous andares fóra de ordenación (cuarto e baixo cuberta) e reacolléronse os seus propietarios nas vivendas de Ferraría.

Número vivendas: 1 (+2 privadas)
Número de locais: 1
Superficie construída total: 149,15 m²
Empresa construtora: Dicsa
Proxecto: Cristina Cameselle
Dirección de obra: Cristina Cameselle

Fin de obra: Finalizada en 2009
Características da vivenda e local:
1 Vivenda: 2D+S.C.+K+1B
59,90 m² cualificados
Local 1: 57,40m² útiles



(1º FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ 13-15

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

Número vivendas: 6

Número locais: 2

Superficie construída total: 572,07m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: Masforma S.L. e Antonio Iglesias

Dirección de obra: Masforma S.L., Antonio Iglesias e Cristobal Brañas

Fin de obra: Rematada en maio de 2010

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 1D+S.C.K+1B

52,48 m² cualificados

1 Vivenda 1B: 1D+S.C.K.+1B

46,76 m² cualificados

1 Vivenda 2A: 1D+S.C.K+1B

50,64 m² cualificados

1 Vivenda 2B: 1D+S.C.K.+1B

49,64 m² cualificados

1 Vivenda 3A: 1D+S.C.K.+1B

50,64 m² cualificados




1 Vivenda 3B: 1D+S.C.K.+1B

48,01 m² cualificados

Local 1: 49,20 m² útiles

Local 2: 29,04 m² útiles

Agregáronse dous edificios compartindo un núcleo de escaleiras e dotándoo do ascensor co resultado dunha vivenda por planta en cada unha das parcelas orixinais. En total, seis vivendas e dous locais.



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(1º FASE) SANTIAGO 11-13-15-17

Agregación de cuatro edificios manteniendo a estrutura parcelaria e compartindo o núcleo de escaleiras e ascensor. En total, oito vivendas e catro locais comerciais.

Número vivendas: 8

Número de locais: 4 (*Estudo de arquitectura Torrado Fernández e a Editorial Elvira*)

Superficie construída total: 926,54 m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: Gabriel Santos Zas e Cesáreo Padrón Conde

Dirección de obra: Gabriel Santos Zas, Cesáreo

Padrón Conde e Antonio Carballo Couñago

Fin de obra: Rematada en maio de 2010

Características das vivendas e locais:

2 Vivendas A: 1D+S.C.+K+1B+R+L.T.

49,52 m² cualificados

2 Vivendas B: 1D+S.C.+K+1B+R+L.T.

44,36 m² cualificados

2 Vivendas C: 2D+S.C.+K+2B+R+L.T.

61,19 m² cualificados

1 Vivenda D (dúplex): 2D+S.C.+K+2B+R+L.T.

74,13 m² cualificados

1 Vivenda E (dúplex): 2D+S.C.+K+2B+R+L.T.



72,05 m² cualificados

Local 1: 51,91 m² útiles

Local 2: 25,42 m² útiles

Local 3: 19,84 m² útiles

Local 4: 18,47 m² útiles



(1ª FASE) SANTIAGO, 19

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A AÑOS ANTERIORES

Número viviendas: 1 (+1 privada)

Número de locais: 1

Superficie construída total: 149,15 m²

Empresa constructora:

Cnes. A. Varela Villamor

Proxecto: Cristina Cameselle Solá

Dirección de obra:

Cristina Cameselle Solá

Fin de obra:

Rematada en setembro de 2010



Características das vivendas e locais:

1 Vivenda: 1D+S.C.K.+1B+L+T

66,10 m² cualificados

Local 1: 38,85 m² útiles

Edificios de tres andares nos que o CCVV é propietario da planta baixa e primeiro andar. A comunidade de propietarios acomete as obras que afectan aos elementos comúns (cambio de cuberta, reforma de fachada e medianeira, consolidación da escaleira e o portal, así como a reforma de todas as instalacións colectivas).



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(2ª FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ 24-26

Agregáronse dous edificios compartindo un núcleo de escaleiras con acceso dende a rúa Abeleira Menéndez pola planta baixa e dende a rúa San Sebastián polo segundo andar. Resultou unha vivenda por andar en cada unha das edificacións orixinais. En total, seis vivendas e dous locais.

Número vivendas: 6

Número de locais: 2 (*Establecemento Matina e a oficina Servizo de Notificacións e Embargos da Xunta*)

Superficie construída total: 660,87 m²

Empresa construtora: Cnes. A. Varela Villamor

Proxecto: Martín de Cominges Carballo

Dirección de obra: Martín de Cominges Carballo e Juan José García Mares

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 2D+S.C.K.+1B

66,62 m² cualificados

1 Vivenda 1B: 2D+S.C.K.+1B

58,92 m² cualificados

1 Vivenda 2A: D.S.C.K.+1B (estudio)

31,41 m² cualificados

1 Vivenda 2B: 1D+S.C.K.+1B

42,61 m² cualificados

1 Vivenda 2C: 2D+S.C.K.+1B



58,92 m² cualificados

1 Vivenda 3A: 2D+S.C.K.+1B

68,80 m² cualificados

Local 1: 95,58 m² útiles

Local 2: 67,09 m² útiles



(2ª FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ 18 - 20

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

Número viviendas: 4

Número de locais: 1

Superficie construída total: 468,97 m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: María Mariño de Oya

Dirección de obra: María Mariño de Oya e
Elena Ferreiro

Fin de obra: Rematada en outubro de 2010

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda A: 1D+S.C.K.+1B
47,85 m² cualificados


1 Vivenda B: 2D+S.C.K.+2B+T
81,95 m² cualificados

1 Vivenda C: 2D+S.C.K.+2B+T
83,04 m² cualificados

1 Vivenda D: 2D+S.C.K.+2B
40,19 m² cualificados

Local 1: 55,18 m² útiles

O proxecto responde a unha intervención integral sobre os inmobles sinalados cos números 18 e 20. Agregáronse ambas as dúas parcelas para obter un só edificio.



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(2ª FASE) CRUZ VERDE, 5

Rehabilitación do edificio mantendo a tipoloxía orixinal, dotándoo dun ascensor e adecuando a distribución e instalacións á normativa actual.

Número vivendas: 6

Número de locais: 2

Superficie construída total: 689,98 m²

Empresa construtora: Cruz Verde, UTE

Proxecto: Andrés Touceda Gómez e Iván Mosquera Fuembuena

Dirección de obra: Andrés Touceda Gómez, Iván Mosquera Fuembuena e José Manuel Blanco Guimarey

Fin de obra: Rematada en 2010

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 1D+S.C.K.+1B

54,78 m² cualificados

1 Vivenda 1B: 2D+S.C.K.+1B

63,85 m² cualificados

1 Vivenda 2A: 1D+S.C.K.+1B

65,56 m² cualificados

1 Vivenda 2B: 2D+S.C.K.+1B

64,60 m² cualificados

1 Vivenda 3A: 1D+S.C.K.+1B



48,40 m² cualificados

1 Vivenda 3B: 2D+S.C.K.+1B

60,90 m² cualificados

Local 1: 37,40 m² útiles

Local 2: 54,20 m² útiles



(3ª FASE) CUARTEIRÓN FERRARÍA - SAN SEBASTIÁN (FERRARÍA 11, 13, 17, 19 E SAN SEBASTIÁN 1, 3, 5, 7)

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A AÑOS ANTERIORES

Número viviendas: 9

Número de locais: 1

Superficie construída total: 1146 m²

Empresa construtora: Diconsa

Proxecto: Cendón-Vázquez Arquitectos
S.C.P.

Dirección de obra: Javier Vázquez e Perfecto Cendón

Fin de obra: fin previsto a finais de 2012

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 0A (planta baixa): 2D+S.C.+K+1B+1A
81,55 m² cualificados

1 Vivenda 0B (planta baixa): 1D+S.C.+K+1B
56,60 m² cualificados

1 Vivenda D (planta baixa): 1D+S.C.+K+1B
59,43 m² cualificados

1 Vivenda 1A: 2D+S.C.+K+1B+1A
81,95 m² cualificados

1 Vivenda 1B: 1D+S.C.+K+1B
59,50 m² cualificados


1 Vivenda 1C: 3D+S.C.+K+2B+1A
90,00 m² cualificados

1 Vivenda 2A: 2D+S.C.+K+1B+1A
89,43 m² cualificados

1 Vivenda 2B: 1D+S.C.+K+1B
61,40 m² cualificados

1 Vivenda 2C: 3D+S.C.+K+2B+1A
90,00 m² cualificados

Local 1: 98,80 m² útiles



Actuación sobre sete parcelas, todas elas de escasas dimensións. Poténciase a relación especial de cada unha das vivendas con algunha das tres áreas de oportunidade. Respectouse ao máximo a morfoloxía do parcelario orixinal. Déixanse as medianeiras libres, sen agregarlles ningún elemento que altere a súa percepción. Os núcleos húmidos son caixas pechadas e exentas, que organizan o seu redor as estancias. Permitindo illalas ou agrupalas con corredeiras ao modo de tabiques. Coa nova distribución pódese percibir cada espazo do parcelario orixinal.



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(3ª FASE) HORTAS 10-12

A actuación prevista neste cuarteirón afecta á maioría das parcelas do mesmo incluíndo a ordenación do espazo interior desta para xerar un espazo de calidade de uso privativo das vivendas resultantes desta intervención. Opérase nun total de dez parcelas mantendo o parcelario orixinal na zona edificada e procedendo á agregación no que ao interior do cuarteirón se refire.

Actuación que afecta a dúas parcelas con tres vivendas iniciais que están sitas nun cuarteirón con tratamento conxunto de uso privativo interior das vivendas sobre as que se actúa.



Número vivendas: 5

Número de locais: 0

Superficie construída total: : 482,37m²

Empresa construtora: Diconsa

Proxecto: Gerardo de Villanueva Ferrer e Javier Vázquez Fernández

Comezo obra: 2011

Fin da obra: 2012

Características das vivendas e locais:


1 Vivenda A (dúplex): 2D+S.C.+K+1B+A
93,32 m² útiles

1 Vivenda B (dúplex): 2D+S.C.+K+1B+A
98,16 m² útiles

1 Vivenda C: 1D+S.C.+K+1B
60,61 m² útiles

1 Vivenda D: 2D+S.C.+K+1B+A
89,42 m² útiles

1 Vivenda E: 1D+S.C.+K+1B
62,95 m² útiles



(3ª FASE) CUARTEIRÓN CASTELO DE SAN SEBASTIÁN SAN SEBASTIÁN 8-12-14

A actuación prevista neste cuarteirón afecta á maioría das parcelas do mesmo incluíndo a ordenación do espazo interior desta para xerar un espazo de calidade de uso privativo das vivendas resultantes desta intervención. Opérase nun total de dez parcelas mantendo o parcelario orixinal na zona edificada e procedendo á agregación no que ao interior do cuarteirón se refire.

Número vivendas: 4

Número de locais: 1

Superficie construída total: 6.968 m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: Beatriz González López

Comezo de obra: 2011

Fin da obra: 2012

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 1D+S.C.K.+1B+T
42,92 m² útiles

1 Vivenda 1B: 2D+S.C.+K+1B+T
72,73 m² útiles





1 Vivenda 2A: 1D+S.C.K.+1B+T
42,92 m² útiles

1 Vivenda 2B: 2D+S.C.+K+1B+T
72,73 m² útiles

Local 1: 28,10 útiles

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

A actuación céntrase na unión de tres construcións do século XVIII, encostadas a ambos lados a edificios. Na procura do respecto da tipoloxía edificatoria, propónse un baleirado dos solares mantendo as fachadas de pedra (estrutura de muro potente). Levantárase tres andares, con dúas vivendas por andar, dun e dous dormitorios e con escaleira común, comunicando as parcelas mediante ocos nas medianeiras. No baixo, usos comerciais e servizos das vivendas. A estrutura interior será de madeira, con apoio nos muros de carga existente.



EASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(4ª FASE) FERRERÍA 25-27-29-31

Rehabilitación de catro edificios mantendo a estrutura parcelaria co acceso a locais por rúa Ferrería e ás vivendas pola Subida ao Castelo.



Número vivendas: 6

Número locais: 4 (Espacio Nido e Cal Construcciones y Servicios)

Superficie construída total: 781,85 m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: María Leboreiro Amaro

Comezo da obra: 2011

Fin obra: 2012



Características das vivendas e locais:

1 Vivenda A: 2D+S.C.K.+L.T.+1B
58,81 m² útiles

1 Vivenda B: 3D+S.C.+K+2B+L.T.
116,56 m² útiles

1 Vivenda C: 2D+S.C.+K+1B+L.T.
65,81 m² útiles

1 Vivenda D: 2D+S.C.+K+1B
60,71 m² útiles



1 Vivenda E: 2D+S.C.+K+2B
73,14 m² útiles

1 Vivenda F: 2D+S.C.K.+1B+L.T.
66,56 m² útiles

Local 1: 59,25 m²

Local 2: 60,06 m²

Local 3: 67,67 m²



(4ª FASE) FERRARÍA 33-35

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

Número vivendas: 4

Número de locais: 1

Superficie construída total: 493,80 m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: César Jiménez, Antonio Davila,
Luis Mejide e Jesús Cordeiro

Dirección da obra: César Jiménez,
Antonio Davila, Luis Mejide e Jesús
Cordeiro

Comezo da obra: 2012

Fin da obra: primavera 2013

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 1D+S.C.K.+1B
47,25 m² útiles



1 Vivenda 1B: 1D+S.C.K.+1B
46,85 m² útiles

1 Vivenda 2A (dúplex): 2D+S.C.K.+2B+T
88,35 m² útiles

1 Vivenda 2B (dúplex): 2D+S.C.K.+2B+T
84,28 m² útiles

Local 1: 52,95 m² útiles

Trátase dunha redistribución dos espazo interiores sen modificar o número de vivendas, a superficie construída total, as condicións volumétricas, fachadas e materiais de construción do proxecto orixinal, co que no modifica as condicións impostas a dita rehabilitación polo PEPRI Casco Vello de Vigo.



EASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(4ª FASE) CANELLÓN DO ESTREITO, 12

O proxecto responde a unha intervención integral sobre o inmovble sinalado número 12 do Canellón do Estreito resultando dúas vivendas.

Número vivendas: 2

Número locais: 0

Superficie construída total: 155,27 m²

Proxecto: Gabriel Santos Zas

e Cesáreo Simón Padrón

Comezo da obra: 2011

Fin obra: 2012

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda A: 1D+S.C.K.+1B
62,75 m² útiles

1 Vivenda B: 2D+S.C.K.+2B
92,52 m² útiles



(5ª FASE)
CUARTEIRÓN CASTELO DE SAN SEBASTIÁN:
SAN SEBASTIÁN 4-6/SUBIDA AO CASTELO 5-7

Rehabilitación de catro edificios diseñados como un lugar aberto dotado con 11 mobles modulares que permitirá aos futuros adxudicatarios organizar o interior ao seu gusto, separando os espazos na función da súas necesidades.



Número vivendas: 10

Número de locais: 2

Superficie construída total: 1.130 m²

Empresa construtora: UTE

Rehabilitación Casco Vello (XAC-Geocisa)

Proxecto: Vicente Pintos e Javier Franco

Comezo da obra: abril de 2013

Fin obra: verano 2014



**FASES DE VIVENDAS
PERTENCENTES
A ANOS ANTERIORES**

Características das vivendas e locais:

1 vivenda baixo A: 1D+salón+cociña+1B
46,24 m² útiles

1 vivenda baixo B: 1D+salón+cociña+1B
46,24 m² útiles

1 vivenda 1ºA: 1D+salón+cociña+1B
59,16 m² útiles

1 vivenda 1ºB: +salón+cociña+1B
56,13 m² útiles

1 vivenda 1ºC: 1D+salón+cociña+1B
67,66 m²

1 vivenda 1ºD: 1D+salón+cociña+1B
67,66 m²

1 vivenda 2ºA: 1D+salón+cociña+1B
59,16 m² útiles

1 vivenda 2ºB: +salón+cociña+1B
56,13 m² útiles

1 vivenda 2ºC: 1D+salón+cociña+1B
68,20 m²

1 vivenda 2ºD: 1D+salón+cociña+1B
67,70 m²

Local 1: 34,03 m² útiles

Local 2: 33,71 m² útiles

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

O obxecto do proxecto consiste na rehabilitación integral de tres inmobles na rúa Ferraría onde as fachadas e as medianeiras existentes manteranse de tal feito que non se perderá a esencia do edificio e se remodelarán e acondicionarán para que estas volvan a ter o seu aspecto orixinal.

